

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CERDEDO-COTOBADE****Urbanismo e Patrimonio***APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN
DUNHA PRAZA EN SAN XURXO DE SACOS EN CERDEDO-COTOBADE*

De conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro e 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, procédese á publicación da normativa do Plan especial de dotacións para a implantación dunha praza en San Xurxo de Sacos en Cerdedo-Cotobade, aprobado definitivamente polo pleno do Concello con data 02.09.2024 e inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico co número ROTPG/P/61/2024.

*NORMATIVA URBANÍSTICA***1.- XERALIDADES**

O obxectivo do presente plan especial de dotacións é a cualificación como espazo libre, dun ámbito situado en San Xurxo de Sacos, para a execución dunha praza.

A presente normativa define as condicións de uso, ocupación, volumétricas, e de urbanización de para o espazo libre proposto. Serán de aplicación de xeito complementario as determinacións fixadas nas Normas Subsidiarias de planeamento e no plan básico autonómico.

Tamén define as condicións construtivas e de urbanización de determinados elementos que conformen a actuación.

2.- ORDENANZA REGULADORA. ESPAZO LIBRE EN SAN XURXO DE SACOS

O uso deste ámbito será área de repouso e estancia, o cal actuará como polo dinamizador da parroquia.

2.1.- CRITERIOS DE INTEGRACIÓN DE PAISAXE, DO PATRIMONIO CULTURAL E ARQUITECTÓNICO DO ÁMBITO

A execución do espazo libre terá presente en todo momento a súa integración no medio e a adecuación á paisaxe, mediante unha correcta implantación e conservando, na medida do posible, a vexetación autóctona existente. A tal efecto, o proxecto conterá unha planimetría de detalle do estado actual das árbores existentes, e unha análise de cada unha delas. Xustificarase caso a caso a procedencia ou improcedencia da súa conservación.



Mércores, 9 de outubro de 2024

Núm. 197

A actuación proposta deberá partir dunha análise do conxunto do núcleo rural e da súa relación co conxunto parroquial e co cemiterio catalogado, de cara a rehabilitación das edificacións existentes.

A tal efecto, o proxecto conterá un estudo riguroso dos muros e peches de pedra existente, indicando o seu grao de conservación, así como as características destes (estrutura muraria, alturas, ocos, cotas, niveis interiores...) de cara a entender a secuencia de construción e configuración orixinal, que permita a súa recuperación e posta en valor, facéndoa compatible co uso público do resto da superficie da parcela.

Respectaranse en todo caso, as aliñacións consolidadas polos peches e muros tradicionais que constitúen a ruína, de cara a conservar os rueiros e corredoiras característicos do medio rural no que se inxire.

Respectarase na medida do posible a rasante do terreo existente, evitando, cando sexa posible, a presenza de grandes noiros e desmontes que rachen e interfiran nas visuais da paisaxe. En todo caso, respectarase o disposto na lexislación vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras no espazo público.

Poderá executarse zonas pavimentadas, de superficie non maior o 60% da superficie do espazo libre, que se poderá destinar a praza. En todo caso, os pavimentos desta zona serán drenantes.

A restante superficie será adicada a xardín. As árbores de nova plantación serán sempre de especies autóctonas, con poucos requirimentos de rega.

No tocante ós novos materiais usados, recoméndase empregar a Guía de Cores e Materiais de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Asemade, recoméndase o emprego da Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.

Permitise a instalación de mobiliario, para o cal se estará o disposto no epígrafe 2.2.- Condicións das instalacións e do mobiliario.

2.2- CONDICIÓNS DAS INSTALACIÓNS E DO MOBILIARIO

O mobiliario será discreto e o mínimo imprescindible para cumprir as diferentes necesidades.

Os bancos e papeleiras circunscribíranse exclusivamente a zona pavimentada.

O alumeadado público deseñárase tendo en conta o mínimo impacto visual, o cumprimento da iluminación mínima legalmente establecida e a mínima incidencia sobre a contaminación lumínica cara ó contorno.



Mércores, 9 de outubro de 2024

Núm. 197

Os tendidos de enerxía eléctrica, alumado público e telefonía serán soterrados.

Para o saneamento de pluviais preveranse pozos filtrantes.

Cerdedo-Cotobade, 4 de outubro de 2024

O alcalde — Jorge Cubela López

Documento asinado dixitalmente á marxe na data reflectida

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GC7J4USXM2VNHCA0

